



EDITORIAL: 50 ANIVERSARIO DA DECLARACION UNIVERSAL

Desde EDUCADORES/AS POLA PAZ-NOVA ESCOLA GALEGA entendemos que a celebración dunha data tan significativa, como é o 50 aniversario dos Dereitos Humanos, non podía pasar desapercibida. O noso pequeno país tiña que sumar a súa voz a de moitos outros para transmitir ao conxunto da cidadanía galega o goce e a reivindicación dun dos textos máis importantes da historia da humanidade. Así foi como se prantexou esta campaña a outras organizacións afíns -IGADI e AI, sendo posteriormente asumida unicamente polo grupo de AI-Vigo- e ás tres centrais sindicais galegas. Unha campaña, como dicimos, para conmemorar e reivindicar a necesidade de que todos os dereitos se cumpran para todas as persoas. Non podemos esquecer, tal como a historia nos amosa, que moitos dos dereitos que hoxe estamos a disfrutar foron xestándose ao longo do tempo nun proceso que esixiu e está a esixir moito esforzo humano e moito sufrimento en todos os continentes do planeta. Por iso, a indiferencia ou a relaxación na defensa destes dereitos pode levarnos a situacións trágicas de perda do disfrute dos mesmos. O nazismo ou os diferentes fascismos que temos padecido no século actual no noso continente europeo poden ser un bó exemplo do que estamos a dicir. Compre, pois, transmitir ao conxunto da poboación e moi especialmente aos máis xoves que o disfrute de tales dereitos e a esixencia dos que non se están cumprir é unha tarefa que a todas e todos nos incumbe, en todos os ámbitos e ao longo de toda a vida.

Pero tampouco podemos esquecer que, ao día de hoxe, tres cuartas partes da poboación mundial seguen sen acercarse ao cumprimento dos mínimos que se recollen na Declaración Universal: 1,3 miles de millóns de persoas loitan diariamente por sobrevivir con menos dun dólar estadounidense; 35.000 nenos e nenas morren a diario por desnutrición e enfermidades que poderían evitarse; miles de millóns de persoas adultas, na súa maioría mulleres, non saben ler nin escribir; miles de

presos de conciencia consúmense en cárceres de todos os recunchos do mundo; miles de persoas sofren tortura nun tercio dos países da Terra; diferentes colectivos e pobos do planeta están a sufrir vulneración dos seus dereitos individuais e colectivos. Cuestionar as políticas e os intercambios económicos que producen esta "nova orde económica mundial" debe formar parte de toda acción de defensa dos dereitos humanos en tanto en canto estas políticas constitúen situacións vergoñentas e intolerables que debemos rexeitar.

Temos que recoñecer que a campaña non resultou todo o ben que desexaríamos. As veces, desgraciadamente, máis organizacións participantes non significa máis actividades ou máis impetu. Pola nosa banda puxemos todo da nosa parte para que se fixera de xeito unitario, sabendo que iso as veces non significa menos traballo precisamente. En calquer caso este tono autocrítico non debe ocultar o feito importantísimo de que por primeira vez se faga en Galicia unha campaña destas características, xuntando nun mesmo proxecto a organizacións tan diferentes (véxase neste número a sección sobre a campaña). Non podemos esquecer que, aínda que limitada, conseguimos que Galicia e os miles de galegas e galegos que están a asinar o Manifesto da campaña, que se reproduce nestas páxinas, sumase a súa voz a prol dos dereitos humanos. Pero se a campaña é limitada no tempo, a loita polos dereitos humanos, en Galicia como no resto do mundo, continua. Neste senso non está de mais lembrar que o importante non son as organizacións senón os fins que, a través delas, se buscan. Pola nosa banda seguiremos divulgando os dereitos humanos e o significado dos mesmos, tanto na súa dimensión individual como colectiva; en segundo lugar, seguiremos a invitar á cidadanía a que se sume a este combate, e, en terceiro lugar, seguiremos a traballar a prol dunha educación para a paz e os dereitos humanos.

PUBLICACIÓNS

■ **JARES, Xesús R. (1998): Educación e dereitos humanos. Estratexias didácticas e organizativas.** Xerais, Vigo.

■ **JARES, Xesús R. (1999): Educación y derechos humanos. Estrategias didácticas y organizativas.** Popular, Madrid.

En decembro do 98 saía a edición galega deste libro e dous meses máis tarde o facía a edición en castelán, lixeiramente retocada especialmente no que atinxe ao Capítulo VI adicado aos recursos e materiais. Reproducimos a continuación a crítica do libro que para o nº 33 da **Revista**

Galega de Educación fixo Xosé Ramos Rodríguez.



O 50 aniversario da proclamación en París da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, é tomado como disculpa, potente disculpa, para publicar este traballo sobre dereitos humanos e educación. Nestes casos atopamos libros máis ou menos intrascendentes que se fan apresuradamente para a celebración; pero non estamos neso, é un libro que pode vir moi para a ocasión, pero que a trascende con claridade. Tennes afeitos o autor aos seus traballos sobre a educación para a paz e resulta de interese seguilo nesta incursión nun tema colateral pero diferente, no que vai deixar ver a

continuidade da súa preocupación e compromiso cunha educación amarrada á vida e coa mirada posta na transformación social; e aportando a súa preocupación profesional pola organización escolar que aparecerá singularmente reflectida nun capítulo da obra.

A primeira reflexión no Capítulo I dedícase ao significado dos Dereitos Humanos, á súa universalidade (esa especie de constitución, incumplida como moitas, dun mundo globalizado) e moi especialmente á súa consideración como proceso no que se recollen esencialmente os dereitos individuais e políticos (denominados primeira xeneración dos Dereitos Humanos); os dereitos sociais, económicos e culturais (segunda xeneración) e, sobre todo, ao debate en torno aos chamados dereitos da terceira xeneración, que non se recolleron ou o están pouco explicitamente: dereito de autodeterminación dos pobos, dereito ao desenvolvemento, dereitos das mulleres, dereito á paz e dereito a un medio ambiente san; incorporando o autor outro que non goza aínda do consenso dos anteriores: o dereito a unha morte digna, que estivo recentemente de actualidade en Galicia.

No capítulo II abórdase a contextualización dos Dereitos Humanos na educación dende unha perspectiva histórica e conceptual; pero o máis interesante para min resultou ser a relación dos principios didácticos que deben impregnar a introducción dos Dereitos Humanos na escola: o conectar coa vida e os problemas reais, o educar para actuar e non so para saber, o facer participar ao alumnado nas decisións educativas, o presentar o mundo como algo transformable, a presenza da afectividade, a coherencia fins-medios, etc. convértense en ideas transformadoras da práctica máis aló dunha autocomplacente incorporación informativa, pretendendo enganchar coa práctica, único mecanismo rendable neste longo e difícil camiño de transformación da educación.

Pero aínda é máis destacable e novidosa, a implicación organizativa que se fai no capítulo III. Di o autor que se un centro téñen un compromiso cos Dereitos Humanos esto repercutirá na súa estrutura (mesmo aporta propostas concretas), na forma de tomar as decisións, na forma de encarar os conflitos, na formulación intencional do centro (o PEC), etc. Debemos saudar que cando se traballa sobre educación se introduzan os aspectos organizativos como parte fundamental da mesma, e non se releguen ou esquezan; pois estamos así reforzando a idea da educación como un traballo dun colectivo organizado e non dunha suma de individualidades, difícil ou esporadicamente conectadas.



Tamén aparecen propostas concretas para introducir no currículo os Dereitos Humanos sen quedarnos nos tópicos: O capítulo IV adícase ás propostas didácticas divididas en: globais para o centro, de aula e de área (formulando alternativas concretas como as que tanto éxito tiveran nas "caixas vermellas" editadas polo MEC e nas que participou o autor). No capítulo V aparece unha proposta globalizada extractada dunha experiencia directa de aula do autor e na que se presentan actividades descritas minuciosamente. Para rematar faise un percorrido no capítulo VI polos recursos e materiais, aportando un utilísimo listado de enderezos, mesmo co seu correo electrónico.

Interesante traballo e imprescindible nos centros, porque combina a riqueza da reflexión socioeducativa coas propostas didácticas, tan necesarias estas para a práctica diaria. Ensina, en fin, o problema e aporta solucións.

As persoas interesadas en adquirir a edición en galego poden dirixirse a:

Edicións Xerais. Dr. Maraño n, 12. 36211 VIGO.

Tfno. 986.21 48 88. Fax: 986.20 13 66.

Correo-e: xerais@xerais.es

A edición en castelán:

Edit. Popular. C/Dr. Esquerdo, 173-6º. 28007 MADRID

Tfno: 91.4093573. Fax: 91.5734173.


Correo-e: popular@mail.sendanet.es

■ **TUVILLA, José (1998): Educación en derechos humanos: hacia una perspectiva global.** Bilbao, Desclée de Brouwer.

Partindo dunha presentación xeral da situación dos dereitos humanos e moi especialmente das aportacións dos organismos internacionais, esta nova obra de José Tuvilla expón algunhas liñas de actuación para levar á práctica unha educación inspirada nos valores contidos nos dereitos humanos. A primeira parte do libro está adicada a describir a situación dos dereitos humanos, deténdose con especial atención no dereito humano á paz, e


moi especialmente á resposta normativa dos diferentes organismos internacionais; botase en falla nesta primeira parte unha análise desa normativa que describe. Na segunda parte, aborda os fundamentos da súa proposta: concepción ampliada de paz; os dereitos humanos como fundamento da convivencia; os elementos afectivos, ambientais e sociopolíticos e a noción de transversalidade. A terceira parte do libro, introduce elementos metodolóxicos, aínda que tamén continua con aspectos máis propios da segunda, como pode ser o caso da relación dereitos humanos e democracia. Notamos nesta parte unha certa mestura de temas e unha falla de precisión conceptual, probablemente debido a querer falarnos de moitas cousas. Tamén, a diferenza de outras obras do autor, botase en falla un prantexamento claro de cómo vehicular estes temas na práctica. En calquer caso temos que celebrar a aparición desta nova obra dunha persoa que leva moitos anos empeñado na divulgación dos dereitos humanos.

As persoas interesadas en adquirir esta obra poden dirixirse á Editorial: C/Hernao, 6. 48009 Bilbao. www.desclée.com



AUTORES VARIOS (1997): Los derechos humanos camino hacia la paz. Zaragoza, Seminario de Investigación para la Paz.

Nesta nova obra do Seminario de Investigación para la Paz de Zaragoza, quen recentemente cumpriu os quince anos de funcionamento, diversos autores reflexionan sobre diferentes dimensións dos dereitos humanos. Así, os títulos baixo os que se agrupan os diferentes ensaios son: "Internacionalización, garantías y futuro de los derechos humanos", que integra dous traballos, un de Victoria Abellán sobre "Internacionalización del concepto y de los




contenidos de los derechos humanos" e outro de Angel G. Chueca, titulado "Mecanismos internacionales de protección de los derechos humanos". O segundo capítulo titúlase "Derechos humanos y pluralismo cultural: ¿Universales u occidentales?", no que se inclúen dous suxestivos ensaios; o primeiro de Xabier Etxeberría, "Los derechos humanos: universalidad tensionada de particularidad", e outro de M. Kabunda Badi, "Los derechos humanos vistos desde África". Cecais sexa, pola súa actualidade e a realidade do Estado español, un dos capítulos con máis interese. Nos mesmos abordase fundamentalmente a aparente contradicción entre universalismo e nacionalismo. Como afirma X. Etxeberría, tratase de articular o universal dos dereitos humanos coas diferencias culturais, que lonxe de ser un obstáculo son unha riqueza, pero tamén para "atopar ese punto no que se faga xustiza, á vez, ao particular que merece respecto e aos oprimidos polo particular que reclaman xustiza". Neste último senso é clarividente o ensaio do africano M. Kabunda cando denuncia a defensa de certas especificidades locais que só buscan "someter ás masas". O terceiro capítulo, "Vulneración de los derechos humanos ¿y punto final?", inclúe dous traballos, "Verdad, justicia, perdón" de José M^a Tojeira e "El problema de la impunidad en las transiciones a la luz de la sociología militar", de Prudencio García. O cuarto, "La distancia entre declaraciones y realidad", inclúe tres traballos sobre a situación dos dereitos humanos no mundo, en España e en Aragón, respectivamente. O quinto, "Derechos humanos y grupos vulnerables: mujeres", integra dous interesantes traballos sobre a relación xénero e dereitos humanos e a feminización dos dereitos humanos, escritos por Carmen Magallón e Carmen de la Cruz, respectivamente. O sexto e último, "Derechos humanos en ámbitos especiales", onde se abordan os dereitos humanos nas forzas armadas, os dereitos humanos en caso de conflito armado e, en terceiro lugar, os dereitos humanos na eirexa. En definitiva unha nova e suxerente obra do Seminario de Investigación para a paz de Zaragoza. As persoas interesadas en adquirir esta obra poden dirixirse a: Seminario de investigación para la Paz.

Paseo de la Constitución , 6 - 50008 Zaragoza
Tfno.: 976 217 217 - Fax: 976 230 113

RIOS, Xulio (1998): Os dereitos da humanidade. Xerais, Vigo.

Nesta nova publicación de Xulio Ríos, que da continuación a unha anterior sobre os textos fundamentais

das Nacións Unidas, abóndanse as declaracións referentes aos chamados dereitos da terceira xeración ou dereitos de solidariedade: o dereito ao desenvolvemento, o dereito á paz, o dereito ao medio ambiente sán, o dereito a beneficiarse do patrimonio común da humanidade e o dereito á asistencia sanitaria. Despois dunha breve introducción sobre os mesmos, recollense os instrumentos internacionais relativos a cada un dos dereitos enunciados: Declaración sobre o dereito ao desenvolvemento (Resolución 41/128 do 4 de decembro de 1986); Declaración sobre os dereitos dos pobos á paz (Resolución 39/11 do 12/11/84); Declaración da Conferencia das Nacións Unidas sobre o medio ambiente (Estocolmo, 16/6/72) ou a Declaración de Río da Conferencia das Nacións Unidas sobre medio ambiente e desenvolvemento (Río de Janeiro, 14/6/92); Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural (París, 17-21 de novembro, 1972); a Resolución 688 de 5 de abril de 1991 do Consello de seguridade das Nacións Unidas sobre o Dereito á asistencia sanitaria, entre outras. En definitiva unha obra de apoio que facilita en galego a documentación internacional referida a este tipo de dereitos.




As persoas interesadas en adquirir esta publicación poden dirixirse a:

Edicións Xerais. Dr. Maraño n, 12. 36211 VIGO.
Tfno. 986.21 48 88. Fax: 986.20 13 66.
Correo-e: xerais@xerais.es

ACSUR-LAS SEGOVIAS (1998): Guía de Educación para el desarrollo. Y tú... ¿cómo lo ves?. Madrid, La Catarata.

Nos últimos tempos temos que salienta r a enorme actividade da ONG Asociación para la Cooperación con el Sur (ACSUR)-Las Segovias na difusión de materiais de todo tipo, e de calidade, ligados á educación para o desenvolvemento. Ademais do libro que reseñamos, é de destacar, entre os títulos recentes, o libro **La cultura de la solidaridad**, no que se inclúen diversos ensaios sobre a cultura, a política



e a educación sobre e para a solidariedade. Este libro está editado pola propia ACSUR-La Segovias (1998). Tamén temos que reseñar o xogo cooperativo de mesa **Aviso para navegantes**, espléndidamente editado pola citada ONG.

O libro que comentamos está estruturado en tres

partes. Na primeira, ofrécense orientacións de carácter xeral sobre o concepto de educación para o desenvolvemento e as súas posibilidades de aplicación, así como o espazo da educación para o desenvolvemento no marco da LOXSE. Na segunda abórdase o debate sobre a transversalidade, aportando principios de procedemento, orientacións metodolóxicas e para a avaliación dentro da educación formal. A terceira parte céntrase nas orientacións educativas no ámbito cada vez máis importante da acción educativa da educación non formal. Neste senso cobran especial importancia as propostas que se fan de programas de acción dirixidos a organizacións xuvenís e de lecer.

Este libro, como as restantes publicacións, é unha acción máis dentro do programa "Y tu... ¿cómo lo ves?", posto en marcha no ano 1994 pola sección de xuventude de ACSUR-Las Segovias, e que ten por obxectivo a sensibilización dos xoves nos valores da solidariedade, da xustiza e da cooperación.

As persoas interesadas en obter máis información e/ou adquirir estas publicacións poden dirixirse a:

AC SUR-Las Segovias.

C/ Cedaceros, 9 - 3º Izqda. 28014 MADRID

Tfno. 91 4291661 - Fax: 91 4291593

Correo-e: acsur@eurosurg.org

VALORACIÓNS E CONCLUSIÓNS DO XII ENCONTRO GALEGO E V GALEGO-PORTUGUÉS DE ECUDORES POLA PAZ

Na fermosa vila portuguesa do Gerés, en pleno Parque natural Peneda-Gerês, celebramos do 24 ao 26 de abril de 1998 o **XII ENCONTRO GALEGO E V GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES POLA PAZ**, organizado como en edicións anteriores polo grupo EDUCADORES POLA PAZ de NOVA ESCOLA GALEGA, o MOVIMENTO DOS EDUCADORES PARA A PAZ de Portugal; o NÚCLEO DE EDUCADORES PELA PAZ de Viana do Castelo (Portugal) e o DTO. DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA da Universidade da Coruña.

O primeiro que temos que comentar é que, a pesar dos problemas loxísticos de última hora polos que tivemos que cambiar o lugar de celebración, houbo que poñer o cartel de NON HAI ENTRADAS, ao cubrirse a totalidade das 150 prazas ofertadas (tope máximo acordado polos organizadores desde fai anos). Neste senso, o reto e a preocupación que tiñamos do ano pasado en Poio (Pontevedra) ao baixar a 80 persoas, cifra que xa nos resultaba lonxana desde os III Encontros, era comprobar se a anterior merma de matrícula se confirmaba, marcando unha tendencia á baixa, ou recuperabamos o noso número habitual. Felizmente poidemos comprobar que non só recuperabamos dito número senón que algunhas persoas tivemos que decirlles que non había sitio.

En segundo lugar, ademais do número, tamén conven salientar que practicamente nos repartimos a partes iguais os asistentes por parte portuguesa como por parte galega. O cal levanos a pensar que, na parte portuguesa vaise consolidando paseniñamente o movemento de educadores/as pola paz.

En terceiro lugar, con respecto á procedencia dos asistentes, na parte portuguesa están máis repartidos xa que se ben predominan da zona norte, asistiron persoas de todo o Portugal peninsular, mentres que na parte galega a tendencia que desde fai anos se está a dar no senso dunha paulatina concentración de asistentes na provincia da Coruña. Este ano acadou cotas moi grandes (algo máis do 70 por cento dos asistentes galegos/as foron desta zona).

Con respecto ás temáticas abordadas, o Encontro comezou, como ben sendo habitual, cunha sesión de xogos cooperativos ao ar libre, nun primeiro momento con pouca xente debido aos desprazamentos. A continuación, fíxose o acto de apertura coa presenza de representantes das organizacións convocantes e o alcalde de Gerés. A continuación tivo lugar a mesa redonda que este ano tiña por temática "Educación e medio rural". Por parte galega entrevistou Alicia López Pardo e por parte portuguesa José M^a Acevedo, intervindo como moderador Rogerio Ribeiro. A continuación houbo un interesante e vivo debate que houbo que cortar para irmos a ceiar. Entre os temas abordados falouse da deterioro acelerado do medio rural, debido a aplicación de criterios economicistas que levan aos nenos das aldeas ás concentracións; a relación escola rural-escola urbana; a defensa da cultura rural; a relación escola rural-desenvolvemento; etc. Despois da cea voltamos a reunirnos no Salón de actos para ver o diaporama "Revivir abril", feito para a ocasión por Rogério

Ribeiro e producido polo NEP de Viana do Castelo. A pesar dos problemas técnicos, ficamos agradecidos polo seu traballo; logo repartimos caraveis bermellos e cantamos "Grándola vila morena". A continuación fíxose a presentación dos grupos asistentes ao Encontro: Movemento dos Sen Terra do Brasil; Cruz Vermella Xuventude da Coruña; Sindicato dos Profesores do Norte de Portugal; Nucleo de Obxectores de Consciencia do Porto; Asociación xuvenil da fregresia do Porto; Grupo de Educación Infantil de Nova Escola Galega; e Xevale.

A mañán do sábado estivo adicada ao tema de debate. Nesta ocasión "Educación para o desenvolvemento: Globalización, educación e desenvolvemento solidario", sendo o ponente José Paulo Serralheiro, Director da revista educativa **A páxina da educación**.

Despois da exposición fíxose o traballo en grupos simultáneos sobre o tema de debate e logo a posta en común. A tenor das valoracións feitas, tanto o tema como a forma de expoñelo foi todo un éxito, lembrándose por parte dalgún asistente o alto nivel dos ponentes nos últimos anos.

A tarde do sábado foi adicada integramente aos talleres, que este ano foron os seguintes: Xogos cooperativos, impartido por Suso Jares; "Educación para o desenvolvemento", a cargo de Tania del campo e Paco Ascón; "A construción de contos", impartido por Bernardo Carpente; "Itinerario parque natural do Gerés", por monitores do Parque; "Pintura facial", monitores do Parque; "Educar para a paz e protección do ambiente pela arte de construír espantinhos", impartido por Isabel M^a Valentim e María de Fátima Pequeto.

Pola noite, a tradicional Festa pola paz, con cantigas galegas e portuguesas; danzas do mundo; e xogos.

O domingo pola mañá foi o tempo adicado á presentación de experiencias e comunicacións, en tres grupos simultáneos. Este ano presentáronse as seguintes:

- "As mulleres en educación", de Cristina Moar Grobas (A Coruña).
- "Universidade interétnica", de Fátima, Pablo e Olga (alumnos da Universidade da Coruña).
- "A ficción dun mundo feliz", de Concha Sánchez Blanco (A Coruña).
- "Eco-Biblioteca", de Anxo Moure (Chantada, Lugo).
- "Acabemos coas minas antipersonas", de Nieves Pardo Díaz (A Coruña).
- "Proxecto de recuperación do patrimonio local da Escola taller O Rosal como exemplo de centro de formación para xoves", de Belén Piñeiro (O Rosal, Pontevedra).
- "A especificidade do conflito na Escola Infantil", de Emilio Veiga (A Coruña).
- "A intervención psicopedagóxica socio-comunitaria: a participación cidadán no concello de Mugardos", de Mar Durán (A Coruña).
- "Textos para a paz na educación de adultos", de Tiberio Feliz (Ourense).



- "A organización do espacio e a comunicación en adultos", de M^a Carmen Ricoy Lorenzo (Ourense).
- "O libro de agasallo na educación infantil", profesoras de E.I. do Colexio P. Os Tilos-Teo (Santiago de Compostela, A coruña).
- "A cooperación con Guinea Bissau", Nucleo de Obxectores de conciencia (Porto).

Finalmente, fíxose a avaliación ou asemblea final do Encontro. Na mesma deuse lectura ao mural "O que che gusta máis" e "O que se pode mellorar", expostos por primeira vez aínda que parece ser que moita xente non o viu. Entre as intervencións houbo varias sobre o tema das experiencias con dous fios conductores: o día de facelas (houbo críticas á pouca xente que estivo o domingo a mañán nas experiencias) aínda que non se veía claro cando poñelas. Sobre este tema plantearonse dúas propostas: unha limitar o número de experiencias para evitar a dispersión e outra facelas o primeiro día. Varias intervencións destacaron, un ano máis, a riqueza da convivencia dos Encontros. valorouse positivamente a distribución dos talleres na tarde do sábado. Tamén se pediu á organización que se dese máis información previa sobre os talleres: contidos do mesmo e ponentes. Sobre o problema do tempo, tema tamén que non podía faltar, houbo varias intervencións; unha vez máis viuse que o tempo do Encontro

non da máis de si, entre outras cousas porque a tarde dos venres empregase en boa medida no desprazamento. Como xa dixemos foi moi ben valorado o ponente. Tamén se valorou moi positivamente o aumento do número de experiencias/comunicacións aínda que un tanto empañado pola desigual distribución entre Galicia e Portugal (doce e unha respectivamente). Igualmente, desde o punto de vista cualitativo valorouse o feito de que por primeira vez se presentaron experiencias/comunicacións feitas na universidade. Tamén foi moi ben valorado o entorno natural e as propias instalacións e trato dos operarios do Hotel.

Para rematar, por parte da organización agradeceuse a presenza de todas e todos, as aportacións feitas, o esforzo compartido, o afecto, e facendo un chamamento sobre a necesidade de que todos colaborem na organización e espallamento desta cita anual das educadoras e educadores pola paz. En nome da organización Suso Jares clausurou o Encontro convidando a todos a participar na organización e difusión do próximo a preparar e buscar novas experiencias; a facer que o XIII ENCONTRO GALEGO E VI GALEGO-PORTUGUES DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ nos aporte a todas e todos novas experiencias e recursos para seguir avanzando nesta inexcusable e atractiva tarefa de educarmonos e educar para a paz.

DEREITOS HUMANOS, ¡QUE MENOS!

Co motivo do 50 aniversario da aprobación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a iniciativa da nosa Asociación, a través do grupo Educadores/as pola Paz, as organizacións Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), Nova Escola Galega, as centrais sindicais Comisións Obreiras de Galicia (CC.OO.), Confederación Intersindical Galega (CIG) e a Unión Xéral de Traballadores de Galicia (UXT), xunto coa participación de Amnistía Internacional-Vigo-, puxeron en marcha a campaña "DEREITOS HUMANOS, ¡QUE MENOS!".

A través desta campaña preténdese difundir a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e sensibilizar á opinión pública sobre a importancia dos mesmos para construírmos unha sociedade baseada na defensa da dignidade humana, da democracia e das liberdades fundamentais, da paz e da tolerancia, da xustiza social e da solidariedade. Para

este cometido a promoción da educación para os dereitos humanos en todos os ámbitos de formación e a acción directa en favor dos defensores dos dereitos humanos, individuais e colectivos, son aspectos que os organizadores consideran esenciais e que a propia campaña asume, a través da recollida de sinaturas para o manifesto da campaña (que se reproduce nas páxinas deste número); recollida de fondos; cartas; etc.

Os materiais da campaña son:

- O Folleto, no que se inclúe, entre outras cousas, a Declaración Universal en linguaxe coloquial e o Manifesto da campaña para o que pedimos que colaboredes fotocopiando e recollendo sinaturas.
- O cartel, feito polo pintor P. Solveira.
- A páxina web da campaña que pode ser consultada na dirección:

<http://www.arrakis.es/~fpol/dereitoshumanos>

As persoas que precisades folletos e carteis, poñédevos en contacto coa sede de Nova Escola Galega en Santiago. Rúa Betanzos, 1-1º. 15703 Santiago de Compostela. Tfno/Fax. 981.56 25 77. Correo-e: neg@iaga.com

A campaña tamén quere ter a súa vertiente solidaria a través da recollida de fondos a repartir a partes iguais entre os defensores de dereitos humanos ameazados de morte que aparecen no folleto da campaña e o outra metade para a causa saharai por medio da Delegación Saharai en Galicia. O nº de conta onde se poden facer os ingresos é: Caixavigo. Oficina Principal. Nº de conta: 2080.0000.79.0002911412

Máis información:

CAMPAÑA DEREITOS HUMANOS ¡QUE MENOS!

Apdo. 577. 36200 VIGO

<http://www.arrakis.es/~fpol/dereitoshumanos>

MANIFESTO: DEREITOS HUMANOS, ¡QUÉ MENOS!

Hai 50 anos, unha humanidade horrorizada diante da barbarie dos campos de concentración da Alemaña nazi e das matanzas indiscriminadas de civís nos bombardeos nucleares de Hiroshima e Nagasaki proclamou que a dignidade humana non sería nunca máis esmagada. Púxose en marcha entón un sistema de protección, a Carta Internacional dos Dereitos Humanos, do que o primeiro instrumento foi a Declaración Universal dos Dereitos Humanos proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 10 de decembro de 1948.

Neste medio século, á Declaración Universal seguíronlle numerosos Pactos e Convenios internacionais e rexionais que desenvolven os dereitos contidos nela. Sen embargo, a dignidade do ser humano, protagonista da Declaración, segue sendo maltratada cada día; en lugar do mundo libre da inxustiza e da crueldade que se buscaba, o noso mundo contemplou novos horrores masivos como, entoutros, os de Camboia, Indonesia, Arxentina, Chile, Irak, Bosnia ou Ruanda, así como a violación sistemática e cotiá dos dereitos elementais de millóns de persoas en todos os continentes do planeta.

Non cremos, pois, que este poida ser un ano de simple celebración; pensamos, máis ben, que debe ser un ano de conmemoración, de compromiso e de reivindicación. Cómpre conmemorar, isto é: facer memoria, para comprender que aínda estamos lonxe dun sistema eficaz de protección dos dereitos humanos. Cómpre tamén o compromiso porque só desde o

esfuerzo unánime e decidido de toda a sociedade se pode alcanzar esa protección. E cómpre, finalmente, a reivindicación para esixir a todos os gobernos do mundo a súa obriga de garantir o acceso dos seus cidadáns e cidadás ao disfrute destes dereitos.

As organizacións que participamos nesta campaña cremos que o noso compromiso debe vertebrarse en torno a tres aspectos fundamentais: a educación en dereitos humanos, a información e o debate acerca da súa defensa e a actuación ao seu favor.

Está claro que a educación en dereitos humanos, é absolutamente primordial se se desexa garantir que a sociedade futura se cimente na defensa dos valores que emanan da Declaración Universal e sexa consciente, ao mesmo tempo, da súa responsabilidade e capacidade de actuación. Para elo cómpre esixir ás autoridades educativas que, xunto coas Organización Non Governamentais (ONG) especializadas, as organizacións de renovación pedagóxica e sindicatos do sector, impulsen un plan institucional de educación para a paz e os dereitos humanos que, cando menos, contemple os seguintes aspectos: formación do profesorado; apoio á elaboración e difusión de materiais; apoio á investigación e ás experiencias sobre estas temáticas.

Así mesmo, consideramos que é preciso difundir os instrumentos actuais para a defensa dos dereitos humanos no mundo e abrir un debate sobre a ampliación deste sistema, tarefa na que os medios de comunicación deben xogar o seu papel fundamental en defensa, entre outros valores, dos dereitos humanos. Cómpre integrar nese sistema a participación de todos os elementos da nosa sociedade: os/as cidadáns/ás, os concellos e deputacións, o Parlamento e a Xunta de Galicia e as distintas organizacións sociais deben asumir tamén o seu importante papel na promoción dos dereitos humanos, tal como establecen o Preámbulo da Declaración Universal e o Programa de Acción da Conferencia Mundial de Dereitos Humanos celebrada en Viena en 1993.

Finalmente, un programa de promoción dos dereitos humanos non pode esquecer en ningún caso nin ás vítimas nin a quen están máis preto delas e sofren con elas: os/as defensores/as dos dereitos humanos. A nosa acción solidaria pode facer moito a prol deles/as: podemos evitar graves violacións dos dereitos humanos a través da presión sobre os gobernos esixíndolles a súa obriga de respetar e facer respetar estes dereitos.

É o noso desexo e a nosa esperanza que este 50º aniversario da Declaración Universal de Dereitos Humanos nos achegue algo máis ao mundo que a Declaración promete e a humanidade soñou desde sempre.

NOME	APELIDOS	DNI	SINATURA

XIII ENCONTRO GALEGO E VI GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES POLA PAZ

Hotel Portocobo, Sta. Cruz-Oleiros (A Coruña)
23, 24 e 25 de abril de 1999.

ORGANIZA: Educadores pola Paz-Nova Escola Galega,
Educadores pola Paz de Portugal, Dto. de Pedagogía e

Didáctica da Universidade da Coruña e Concello de Oleiros.
COLABORA: SPN e Caixavigo

A cita anual das educadoras e educadores pola paz galegos e portugueses levanos este ano ao incomparable

marco de Sta. Cruz-Oleiros (A Coruña), a carón mesmo do mar, para abordar nesta edición o problema da violencia. Desgraciadamente a violencia está a formar parte das relacións cotidianas no noso entorno social. Ademais da violencia física outras formas de violencia están a nos afectar: a derivada da clase social (clasismo), da raza (racismo) ou do sexo (sexismo). Violencias todas elas que incluímos baixo o nome de violencia estrutural e que, en maior ou menor medida, están a incidir no sistema educativo, e, consecuentemente, no noso labor profesional, tanto de forma directa como indirecta. De todas elas hai unha que cada vez máis está a ser motivo de noticia

periodística, as intimidacións, o acoso e as agresións entre o alumnado. ¿Son máis violentos as nenas e nenos de hoxe?; ¿existe violencia nos centros escolares?; ¿qué respostas educativas podemos ofrecer para afrontar este problema?. Estes e outros interrogantes son os que queremos abordar de forma colectiva no Encontro deste ano. Para elo abordaremos a violencia desde o punto de vista máis social o venres e o sábado e o domingo. Traballar as relacións afectivas, os procesos comunicativos, as relacións interpersonais, son, entre outros, aspectos que consideramos insoslayables en toda alternativa educativa anti-violencia e que, como é tradicional, intentaremos plasmar durante todo o Encontro.

PROGRAMA:

Venres, día 23 de abril:

- 17 h. Recepción, aloxamento, entrega de documentación (Hotel Portocobo)
- 18,00 h. Xogos cooperativos (As Torres de Sta. Cruz)
- 19,15 h. Apertura/Boas vindas (As Torres de Sta. Cruz)
- 19,30 h. Mesa redonda. "A violencia estrutural no chamado estado do benestar". Intervenien representantes de traballadoras/es en diferentes ámbitos: menores; mulleres; inmigrantes (As Torres de Sta. Cruz)
- 21,30 h. Cea/Jantar (Hotel Sol Porto Cobo)
- 23,00 h. Punto de Encontro (Centro cívico Santalla).

Sábado, día 24 de abril:

- 8,30-9,30 h. Almorzo/pequeno almorzo (Hotel Sol Porto Cobo)
- 9,30 h. Ponencia: "A violencia entre iguais nos centros escolares". Ponente Rosario Ortega (Profesora da Universidade de Sevilla, Investigadora en temas de violencia entre iguais) (As Torres de Sta. Cruz)
- 10,30 h. Aclaración de dúbidas, preguntas (En gran grupo).
- 11 h. Pausa, café.
- 11,30 h. Traballo en grupos simultáneos sobre o tema



- de debate (aulas do Colexio CEP Isidro Parga Pondal).
- 13 h. Conclusións, posta en común (Gran grupo) (As Torres de Sta. Cruz)
- 14,30 h. Xantar/Almorzo (Hotel Sol Porto Cobo)
- 16-00 h. Fotografía da paz
- 16,15 h. Presentación de experiencias e comunicacións (aulas do Colexio CEP Isidro Parga Pondal).
- 18,30-20,30 h. Obradoiros/Oficinas simultáneos (1ª sesión) (aulas do Colexio CEP Isidro Parga Pondal). Cada asistente deberá inscribirse nun só taller. Os talleres que se ofertan este ano son:
 - "O deporte na educación en valores".
 - "Comercio xusto".
 - "Xogos de roles para traballar a violencia".
 - "A comunicación no conflito e a súa resolución".
 - "Energías alternativas na aula"
 - "Danzas do mundo"
- 21 h. Cea/Jantar (Hotel Sol Porto Cobo)
- 22,30 h. Gran Festa pola Paz e do 25 de abril (Centro Cívico Santalla)

Domingo, día 25 de abril:

- 9-10 h. Almorzo/pequeno almorzo (Hotel Sol Porto Cobo)
- 10,00 h. Obradoiros/Oficinas simultáneos (2ª sesión) (aulas do Colexio CEP Isidro Parga Pondal).
- 12,15 h. Asamblea: Avaliación e Conclusións (As Torres de Sta. Cruz)
- 13,30 h. Clausura/Encerramento do Encontro (As Torres de Sta. Cruz)
- 14,00 h. Xantar/Almorzo (Hotel Sol Porto Cobo)

OPCIONAL: As 16 horas ecopaseo por Oleiros. Saída dende o Hotel Sol Porto Cobo.

EXPOSICION E VENDA DE MATERIAIS:

Durante o ENCONTRO haberá exposición de materiais dos escolares e venda de materiais alternativos. As persoas/grupos que queiran desenvolver unha destas actividades deben comunicalo á organización para reservar o sitio.

PRECIO:

1. Matrícula máis pensión completa todo o fin de semana en habitacións dobles
 - 1.1. Ata o 9 de abril:
 - a) Socios/as de NEG; estudantes/as e parados/as.; 14.000 Pts.
 - b) Resto: 15.000 Pts.
 - 1.2. Despois do 9 de abril:
 - a) 15.500 pts.
 - b) 16.500 pts.
2. Só matrícula:
 - 1.1. Ata o 9 de abril:
 - a) Socios/as de NEG; estudantes/as e parados/as.; 4.000 Pts.
 - b) Resto: 5.000 Pts.
 - 1.2. Despois do 9 de abril
 - a) 5.000 pts.
 - b) 6.000 pts.

INSCRIPCIONS:

Prazas limitadas. Enviar os datos persoais, xunto coa fotocopia do xustificante da transferencia bancaria a: Educadores pola Paz. Apdo. 577. VIGO (Pontevedra). España. Nº DE CONTA DE EDUCADORES POLA PAZ: 2080.0000.71.0040194535 de Caixavigo (Oficina principal) en Vigo.

PRESENTACION DE EXPERIENCIAS:

As persoas ou grupos que presenten experiencias deberán enviar un resumo da mesma nun máximo de dous folios para entregar aos asistentes (Prégase acompañalo con soporte informático en Word 97), xunto cos seus datos persoais e o material que precisan para a súa exposición. DATA TOPE DE ENTREGA: 9 de abril.

DE EDUCACION POR UN TOTAL DE 20 HORAS. Entregarase Certificado oficial aos asistentes por valor de 20 horas de formación, así como aos que presenten experiencias/comunicacións.

MAIS INFORMACIÓN

Casa da xuventude de Oleiros. Tfno/Fax: 981.63 65 98
Correo electrónico: jares@udc.es
Apdo. 577. 36200 VIGO

CERTIFICADO DE ASISTENCIA

ACTIVIDADE HOMOLOGADA POLA CONSELLERIA

**XIII ENCONTRO GALEGO-VI GALEGO/PORTUGUES DE EDUCADORES POLA PAZ
- FICHA DE INSCRIPCION -**

Nome e apelidos:

Domicilio:

Localidade: C.P. Tfno:

Centro de traballo:

Area ou materia que imparte:

Se vas presentar alguha experiencia/comunicación indícanos o título:

Obradoiro/Oficina ao que te apuntas (máximo 25 por obradoiro/oficina que se cubrirán por orde de chegada):

1ª Opción: Título do obradoiro/oficina:

2ª Opción: Título do obradoiro/oficina:

Compartirei aloxamento con:


¿Recibes o boletín NOVAPAZ?: Socio/a de:

OBSERVACIONES:



EDUCADORES/AS POLA PAZ
Apartado 577 - VIGO
(Pontevedra)

Dep. Legal: Vg. -457 -90
Imprime: FEITO, S.L. Hernán Cortés, 13-15 Int. - VIGO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

